

SEMANA DA ALFABETIZACIÓN MEDIÁTICA E INFORMACIONAL

24 - 31
OUTUBRO
2021

ALFABETIZACIÓN MEDIÁTICA E INFORMACIONAL POLO BEN PÚBLICO

Sudáfrica organiza a Semana mundial da alfabetización mediática e informacional 2021. Este ano cómprese 10 anos dende que se plantaron as sementes da Semana mundial de alfabetización mediática e informacional en 2011 en Fez, Marrocos. Isto sucedeu moito antes do exponencial incremento da desinformación, a polarización política, a crecente influencia das plataformas dixitais e a pandemia da COVID-19. No ecosistema actual de mensaxes e significados complexos, ás veces, contraditorios, é difícil concibir que se avance no benestar público, se o público está desempoderado fronte ás oportunidades e ameazas. Cada individuo debe estar provisto de competencias en alfabetización mediática e informacional para comprender o que está en xogo, así como para contribuír e beneficiarse das oportunidades de información e comunicación.



O dereito básico dos cidadáns e cidadás europeas á Alfabetización

Toda a cidadanía europea ten dereito á alfabetización. Os estados membros da UE deben asegurar que os cidadáns de todas as idades, independentemente da súa clase social, relixión, etnia ou sexo, contan cos recursos e oportunidades necesarios para desenvolver un nivel de alfabetización suficiente e sostible a fin de comprender e utilizar con eficacia a comunicación escrita, tanto en medios impresos como dixitais.

Que é a AMI? (Definición da Unesco)

A alfabetización mediática e informacional (AMI) inclúe un conxunto de competencias para buscar, avaliar criticamente, usar e contribuír de xeito intelixente con información e contido nos medios; coñecementos sobre os dereitos en liña; entender como combater o odio en liña e o acoso cibernético; comprensión dos problemas éticos que arrodean o acceso e o uso da información; e compromiso cos medios e as TIC para promover a igualdade, a libre expresión, o diálogo intercultural / interreligioso, a paz etc.

Como celebrar a semana AMI?

Recollemos da UNESCO algunhas propostas que poden resultar interesantes:

- Celebrar un día da AMI no centro.
- Organizar eventos relevantes ou actividades no centro educativo arredor dos medios de información e comunicación.
- Usar as redes sociais para crear conciencia sobre AMI na comunidade educativa.
- Tomar a palabra (crear contidos para os medios).
- Dar a coñecer publicacións e iniciativas sobre AMI.

Recursos

